



PORTADA | GALIZA

VÍA LIBRE A UNHA EXPEDICIÓN

Industria ve posíbel atopar gas no 'Gran Burato'

Redacción. O conselleiro de Economía e Industria, Xavier Guerra, asinou un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo co que a Xunta financiará a exploración xeofísica e xeolóxica da zona do 'Gran Burato', co propósito de establecer e valorar a existencia e extensión de posibles xacementos de hidrocarburos.

28.09.2010 | 09:42

TAGS: GRAN BURATO , INDUSTRIA , UNIVERSIDADE DE VIGO ,



O reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, co conselleiro de Industria, Xavier Guerra. Xunta

Co apoio da Consellaría de Economía e Industria, o Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo levará a cabo o proxecto de exploración do maior volcán submarino, producido por unha erupción de gas, dos atopados até o de agora no mundo. O cráter deste "Gran Burato" ten uns tres quilómetros de diámetro e está situado a unha profundidade de entre 2.500 e 2.800 metros.

O conselleiro de Economía e Industria destacou que o Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo é "o máis apropiado para levar a cabo este proxecto, se temos en conta que liderou a

campana Marbanga, co apoio do Buque Oceanográfico Hespérides". Neste programa detectouse un BSR (bottom-simulating reflector), xeralmente indicativo da presenza de gas, "un achado, que xunto cos datos obtidos da análise preliminar das mostras, pode considerarse como un indicio da posíbel existencia de hidrocarburos explotábeis".

Neste sentido, Guerra destacou que na Consellaría de Economía e Industria, ao igual que na comunidade científica, manteñen a "esperanza fundada de que o Gran Burato podería albergar unha gran bolsa de gas". "O Gran Burato" foi achado no 2007 por investigadores de varias institucións científicas, fronte ás costas Galiza, a uns 250 quilómetros ao oeste da ría de Muros e Noia.

450.000 euros de orzamento

Guerra explicou que a Consellaría de Economía e Industria financiará o proxecto e contratará por 15 días o Buque Oceanográfico Sarmiento de Gamboa ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para poñelo ao dispor do Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo durante a exploración do "Gran Burato", cun orzamento duns 450.000 euros.

O propósito desta expedición é establecer e valorar a existencia e extensión de posíbeis xacementos de hidrocarburos, para iso tentarán acadar uns obxectivos básicos que pasan por detectar a presenza de gas por caracterización de atributos sísmicos; caracterizar a natureza dos fluídos presentes nos sedimentos (auga, gases ou hidratos de gas); determinar a extensión espacial e temporal dos eventos de fluxo inferidos, e construír un modelo de evolución xeolóxica, explicativo dos fenómenos asociados coa presenza de gas na zona de estudo. Ademais, os traballos a desenvolver concluírán na emisión dun informe final que conterá a análise de todos os datos solicitados.